

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 17396** *Real decreto 1545/2011, do 31 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 808/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais mediante prexubilacións, destinadas a cubrir cargas excepcionais vinculadas a plans de racionalización e reestruturación da actividade das empresas mineiras do carbón.*

No marco do «Plan nacional de reserva estratéxica de carbón 2006-2012 e novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras», aprobado mediante Acordo do Consello de Ministros do 31 de marzo de 2006, o Real decreto 808/2006, do 30 de xuño, aprobou o réxime de axudas por custos laborais mediante prexubilacións, destinadas a cubrir cargas excepcionais vinculadas a plans de racionalización e reestruturación da actividade das empresas mineiras do carbón, ao abeiro do previsto no Regulamento (CE) n.º 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo, sobre as axudas estatais á industria do carbón, vixente ata o 31 de decembro de 2010.

A aplicación, a partir do 1 de xaneiro de 2011, da Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o peche de minas de carbón non competitivas, adoptada en substitución do citado regulamento comunitario, exige a revisión e oportuna modificación desta base reguladora co fin de adecuar a concesión das axudas por custos laborais mediante prexubilacións, correspondentes aos anos 2011 e 2012, ás novas condicións e criterios que impuxeron ás axudas estatais do sector.

Esta modificación normativa recolle esas directrices e vincula a concesión desta liña de axudas co peche de unidades de produción de carbón. En efecto, o financiamento dos custos excepcionais, entre os que se encontran as prestacións derivadas da xubilación dos traballadores que non teñan a idade legal de xubilación, tradicionalmente ligada a plans de reestruturación do sector, só se poderá subvencionar se os custos se producen no contexto dun plan de peche irrevogable. Isto altera dun modo esencial a concesión da subvención xa que unicamente poderá ser beneficiaria a empresa do sector que pechase ou estea pechando unidades de produción de carbón que formen parte dun plan de peche estatal ou individual. Iso implica, ademais, no caso de empresas con unidades de produción que non formen parte dese plan de peche, que esta axuda quede limitada a cubrir os custos de prexubilación dos traballadores adscritos á unidade de produción cuxa explotación cesa.

No entanto, nin os requisitos exixidos ao traballador destinatario da prestación por prexubilación para acceder ao sistema de prexubilación, salvo o da súa adscrición ao posto de traballo no caso sinalado, nin as condicións desta se viron afectados polo novo réxime comunitario polo que o resto do texto regulamentario permanece inalterado.

Non obstante, tendo en conta que a necesaria adopción por parte da maioría das empresas do sector de medidas encamiñadas ao peche definitivo de unidades de produción conforme o plan de peche estatal vai demorar neste exercicio a resolución da concesión destas axudas, incorpórase unha disposición transitoria que permite a extinción das relacións laborais dos traballadores que cumpran os requisitos exixidos para acceder á prexubilación no exercicio de 2011, condicionándoa á efectiva acreditación da concesión da subvención e á readmisión do traballador, nos termos previstos, en caso contrario.

Finalmente, o actual contexto económico e a necesidade de contribuír na redución do gasto público fan necesario suspender a revisión anual da cantidade bruta garantida, obxecto desta axuda, en función do índice de prezos de consumo (IPC), e axustala á política de incremento salarial moderado prevista para os exercicios de 2011 e 2012.

A norma que se aproba conta co informe favorable do Ministerio de Traballo e Inmigración.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 808/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais mediante prexubilacións, destinadas a cubrir cargas excepcionais vinculadas a plans de racionalización e reestruturación da actividade das empresas mineiras do carbón.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto 808/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais mediante prexubilacións, destinadas a cubrir cargas excepcionais vinculadas a plans de racionalización e reestruturación da actividade das empresas mineiras do carbón:

Un. O título do real decreto queda redactado da seguinte maneira:

«Real decreto 808/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais mediante prexubilacións, destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados a plans de peche de unidades de produción das empresas mineiras do carbón.»

Dous. Introdúcese un parágrafo sexto no preámbulo redactado nos seguintes termos:

«Neste real decreto establécense ademais as disposicións necesarias co fin de garantir a aplicación, a partir do 1 de xaneiro de 2011, da Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o peche de minas de carbón non competitivas, que foi adoptada en substitución do Regulamento (CE) n.º 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo de 2002, sobre axudas estatais, cuxa vixencia expirou o 31 de decembro de 2010, e exige un cesamento ordenado das actividades non competitivas da minaría do carbón no contexto dun plan de peche, e así adecuar a concesión das axudas por custos laborais mediante prexubilacións, correspondentes aos anos 2011 e 2012, ás novas condicións e criterios que se impuxeron ás axudas estatais do sector.»

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 1 nos termos seguintes:

«Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación da concesión directa das axudas por custos laborais mediante prexubilacións, destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados ao peche de unidades de produción de carbón das empresas mineiras, no marco do "Plan nacional de reserva estratéxica de carbón 2006-2012 e novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras".

Para os efectos do previsto nesta norma, entenderase por plan ou plans de peche, o plan de peche estatal definido no artigo 1.c) da Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o peche de minas de carbón non competitivas, así como os plans de peche individuais adoptados polas empresas mineiras con anterioridade á entrada en vigor da dita norma comunitaria.»

Catro. O punto 1 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«Os plans de peche de unidades de produción das empresas mineiras de carbón que figuran no anexo deste real decreto poderán levar asociados a

concesión de axudas por custos laborais, destinadas a financiar procesos de redución de cadro de persoal mediante prexubilacións, de conformidade co previsto no artigo 4 da Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o peche de minas de carbón non competitivas.»

Cinco. Modifícase o artigo 3 que queda redactado como segue:

«Con suxeición ao disposto na disposición adicional primeira deste real decreto, as axudas por custos laborais mediante prexubilacións concederanse, con cargo aos orzamentos de cada exercicio económico, desde o 1 de xaneiro de 2006 ata o 31 de decembro do ano 2012, sen prexuízo de que as axudas outorgadas durante ese período se poidan manter para cada traballador nos exercicios orzamentarios necesarios, ata que este acade a idade de xubilación ordinaria, de acordo co establecido no artigo 80 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.»

Seis. Dáse nova redacción ao artigo 4 que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Poderán ser beneficiarias das axudas por custos laborais mediante prexubilacións:

a) As empresas que, tendo recibido axudas destinadas a cubrir perdas da produción corrente nos termos sinalados nos artigos 4 e 5 do Regulamento (CE) n.º 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo, sobre as axudas estatais á industria do carbón, estean pechando ou pechasen unidades de produción de carbón.

b) As empresas mineiras de lignito pardo da Coruña, situadas nos municipios das Pontes e Cerceda, como consecuencia do peche das súas unidades de produción. Para poder ter acceso a estas axudas, os traballadores deberán estar incluídos no campo de aplicación do réxime especial da minaría do carbón ou terlles sido adxudicado coeficiente redutor pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social ás categorías que poden ter acceso ás prexubilacións.

c) As empresas que se beneficien ou se teñan beneficiado das axudas ao peche previstas no artigo 3 da Decisión 2010/787/UE, do 10 de decembro, e que pechasen ou estean pechando unidades de produción de carbón que formen parte do plan de peche estatal.

2. Estas axudas non serán aplicables ás empresas públicas mineiras do carbón.

3. De acordo coa natureza e a finalidade das axudas previstas neste real decreto, que se refiren ao pagamento de indemnizacións a traballadores pola extinción dos seus contratos, as empresas beneficiarias destas axudas quedan expresamente exceptuadas dos requisitos establecidos nas letras b), e) e g) do artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.»

Sete. Substitúese no artigo 6, relativo ao réxime xurídico aplicable, a mención ao anterior regulamento comunitario pola da actual decisión comunitaria:

«As axudas a que se refire este real decreto, ademais de polo previsto nel, rexeranse polo establecido na Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o peche de minas de carbón non competitivas, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais lexislación que resulte de aplicación.»

Oito. Modifícase o punto 2 do artigo 7 que queda redactado da forma seguinte:

«2. As empresas mineiras que soliciten as axudas por custos laborais mediante prexubilacións, de acordo co procedemento establecido neste texto legal, deberán presentar un plan que recolla as medidas que se previsen en relación co plan de peche a que se refire o artigo 1 desta norma. O dito plan, acordado coa representación dos traballadores, deberá achegar unha relación nominal dos traballadores aos cales se vincule a mencionada axuda.»

Nove. Engádesse unha nova letra h) ao punto 3 do artigo 7, co seguinte teor:

«h) En relación cos traballadores das empresas que só pechan algúns dos seus sitios de produción, deberase acreditar que levan adscritos ás unidades de produción que forman parte do plan de peche un período mínimo dun ano contado desde a data de extinción da relación laboral que dá dereito a estas axudas.»

Dez. Modifícase o punto 1.º do artigo 9 nos seguintes termos:

«1.º Serán obxecto de axuda por custos laborais as indemnizacións a que teñan dereito os traballadores que extingan o seu contrato de traballo como consecuencia dun plan de peche de unidades de produción de carbón e reúnan os requisitos para a súa incorporación ao sistema de prexubilación, ata acadar os sesenta e cinco anos de idade equivalente (idade de acceso á xubilación ordinaria).»

Once. Os parágrafos segundo e terceiro do artigo 10 substitúense polo seguinte parágrafo:

«As solicitudes deberán ir acompañadas dun plan en que figuren as medidas recollidas polas empresas respecto do plan de peche, que incluírá as actuacións previstas anualmente pola empresa, durante a vixencia deste real decreto, no referente á produción e ao emprego. Este plan estará acordado entre a empresa e os representantes dos traballadores.»

Doce. Modifícase a redacción da disposición adicional primeira que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional primeira. *Notificación á Comisión Europea.*

As axudas reguladas neste real decreto notificaránselle á Comisión Europea de conformidade co previsto no artigo 7 da Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, e quedarán condicionadas á decisión daquela. A este respecto haberá que atermarse ao disposto no artigo 9.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Trece. Engádesse unha nova disposición adicional quinta:

«Disposición adicional quinta. *Solicitudes de empresas que pechan algunhas das súas unidades de produción de carbón.*

En caso de que unha empresa non incluíse nun plan de peche todas as súas unidades de produción, as axudas por custos laborais mediante prexubilacións só se poderían solicitar para cubrir os custos excepcionais derivados da extinción dos contratos de traballo dos traballadores adscritos ás unidades de produción que forman parte do plan de peche. O período de adscrición non poderá ser inferior a un ano contado desde a data de extinción da relación laboral que dá dereito a estas axudas.»

Catorce. Engádesse unha disposición transitoria quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria quinta. *Expedientes de regulación de emprego en 2011.*

1. Durante o ano 2011, se na data en que se dite a resolución do expediente de regulación de emprego non se incorporase a este a resolución de concesión de axudas, a autoridade laboral sinalará na súa resolución que o recoñecemento das medidas laborais a que se refire a disposición adicional segunda quedará condicionado á acreditación da concesión das axudas a plans de peche de unidades de produción de carbón. Cando se produza tal acreditación, a autoridade laboral procederá, mediante resolución complementaria da do expediente de regulación de emprego, ao recoñecemento das medidas laborais que correspondan, con efectos da data de resolución do expediente de regulación de emprego efectuado no ano 2011.

No suposto de que a mencionada resolución de axudas por custos laborais mediante prexubilación excluíse algún traballador acollido ao expediente de regulación de emprego e, por tanto, se incumprise a condición sinalada neste, a empresa readmitirá con carácter inmediato o traballador cos mesmos efectos legais dos despedimentos declarados nulos.

2. A denegación da concesión das axudas solicitadas, no suposto de solicitudes referidas ao persoal de unidades de produción que non formen parte dun plan de peche, comportará, en todo caso, a readmisión inmediata do conxunto de traballadores acollidos ao expediente de regulación de emprego, cos mesmos efectos legais dos despedimentos declarados nulos.»

Quince. Substitúese o anexo en que se relacionan as empresas mineiras polo que figura a seguir.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación temporal.*

1. As modificacións introducidas polo presente real decreto serán aplicables ás solicitudes de axudas por custos laborais mediante prexubilacións correspondentes ao exercicio de 2011 presentadas polas empresas mineiras do carbón con anterioridade á entrada en vigor desta norma.

2. As axudas por custos laborais mediante prexubilacións do exercicio 2011 dos traballadores incluídos en tales solicitudes poderanse outorgar, ata a finalización do respectivo plan, a favor do cónxuxe ou, no seu defecto, dos fillos menores de vinte e seis anos de idade, cando, na data de entrada en vigor desta norma, tendo reunido o traballador o conxunto de requisitos obxectivos que xeran o dereito á prexubilación, esta non puidese facerse efectiva como consecuencia do seu falecemento sobrevido. Tales axudas limitaranse ás cantidades previstas como complemento das prestacións por desemprego que correspondesen ao traballador de non ter falecido.

Disposición transitoria segunda. *Suspensión da revisión anual en función do índice de prezos de consumo (IPC).*

Suspéndese para os exercicios 2011 e 2012 a revisión anual en función do índice de prezos de consumo (IPC) da cantidade bruta garantida obxecto da axuda por custos laborais mediante prexubilación. Esta medida afectará o conxunto dos traballadores acollidos ao plan de prexubilación ao abeiro da Orde do 18 de febreiro de 1998, da Orde ECO/2771/2003, do 24 de setembro, e do Real decreto 808/2006, do 30 de xuño.

A tales traballadores seralles de aplicación un incremento máximo da cantidade bruta garantida do 1,5% para o 2011. No 2012, por Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderase aplicar un incremento da cantidade bruta garantida que non poderá superar o limiar inferior dos criterios para a determinación de incrementos salariais dos acordos de ámbito nacional das organizacións empresariais e sindicais máis representativas dirixidos a orientar a negociación dos convenios colectivos aplicables ao dito ano. Para estes efectos, a compensación pola renuncia ao vale de carbón non terá a consideración de cantidade bruta garantida.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

ANEXO

Empresas mineiras:

Alto Bierzo, S.A.
Carbonar, S.A.
Carbones Arlanza, S.A.
Carbones de Linares, S.L.
Carbones del Puerto, S.A. (Carpusa).
Carbones San Isidro y María, S.L.
Cía. General Minera de Teruel, S.A.
Coto Minero Cantábrico, S.A.
E.N. Carbonífera del Sur, S.A. (Encasur).
Endesa Generación, S.A., Andorra (Teruel).
Endesa Generación, S.A., As Pontes de García Rodríguez (A Coruña).
Hijos de Baldomero García, S.A.
S.A. Hullera Vasco-Leonesa.
La Carbonífera del Ebro, S.A.
Lignitos de Meirama, S.A. (Limesa).
Minera del Bajo Segre, S.A.
S.A. Minera Catalano Aragonesa (Samca).
Unión Minera del Norte, S.A. (Uminsa).